



asociación galega de profesionais
da traducción e da interpretación

**MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES
2007**

MEMORIA ANUAL 2007

ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA TRADUCIÓN E DA INTERPRETACIÓN (AGPTI)

ÍNDICE

1	PRESENTACIÓN	2
2	ACTIVIDADES	3
2.1	ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA PROFESIÓN	3
2.1.1	VINCULACIÓN COA ASOCIACIÓN DE TRADUTORES GALEGOS (ATG)	3
2.1.2	VINCULACIÓN COA SOCIEDADE GALEGA DE TERMINOLOXÍA (SGaT)	3
2.1.3	VINCULACIÓN CO CILSGA	4
2.1.4	PARTICIPACIÓN NA ORGANIZACIÓN DO DÍA MUNDIAL DA TRADUCIÓN	4
2.1.5	ATENCIÓN DE CONSULTAS A TRAVÉS DO CORREO ELECTRÓNICO DA AGPTI	5
2.2	ACTIVIDADES DE APOIO ÁS/AOS ASOCIADAS/OS	6
2.2.1	CURSO DE GALEGO PARA PREPARAR O EXAME DE TRADUCIÓN/INTERPRETACIÓN XURADA	6
2.2.2	CURSO INTRODUCCIÓN PRÁCTICA A SDL TRADOS E SDLX	7
2.2.3	MANTEMENTO E ACTUALIZACIÓN DA PÁXINA WEB	9
2.2.4	DISTRIBUCIÓN DE INFORMACIÓN A SOCIOS E SOCIAS	9
2.2.5	PRÁCTICAS DO ALUMNADO DE TRADUCIÓN E INTERPRETACIÓN	9
3	INFORME DE ALTAS E BAIXAS	10
4	CONCLUSIÓN	11
5	BALANCE ECONÓMICO	12

1 PRESENTACIÓN

A **ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA TRADUCIÓN E DA INTERPRETACIÓN (AGPTI)** nace en Galicia no ano 2001 para dar saída ás necesidades dun colectivo profesional cada vez máis importante na nosa comunidade autónoma. Desde a creación da Facultade de Tradución e Interpretación na Facultade de Vigo o mercado crecente da tradución e a interpretación conta cun importante número de traballadoras e traballadores preparados que veñen a sumarse a aqueles xa presentes anteriormente.

Ademais, a **ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA TRADUCIÓN E DA INTERPRETACIÓN (AGPTI)** nace cun claro compromiso co idioma galego, que pretende fomentar en todo o mercado da tradución e interpretación en Galicia.

Os obxectivos da asociación son os seguintes:

- a) Contribuír á mellora das condicións laborais das/os tradutoras/es e intérpretes no mercado galego a través da relación con empresas, clientes e institucións implicadas na actividade profesional da tradución e da interpretación.
- b) Promocionar a lingua galega no mercado da tradución e da interpretación en todos os sectores económicos galegos.
- c) Proporcionar ás/ós profesionais da tradución e da interpretación posibilidades de formación continuada non formal.
- d) Crear un centro de recursos materiais e humanos para as/os profesionais da tradución e da interpretación.
- e) Proporcionar asesoramento legal, administrativo e de calquera outro tipo que as/os profesionais da tradución e da interpretación poidan precisar.

Durante o ano 2007 a AGPTI levou a cabo interesantes actividades para a promoción da profesión e a mellor capacitación das/os profesionais. Ademais, a AGPTI estendeu a súa base asociativa, o cal lle dá novas posibilidades de levar adiante os seus obxectivos.

No presente documento a AGPTI pretende presentar os resultados dos esforzos levados a cabo no ano 2007 en diferentes campos.

2 ACTIVIDADES

Durante o ano 2007, a Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación (AGPTI) continuou traballando nos campos en que centrara o seu labor o ano anterior e afondando no establecemento de vínculos con diferentes institucións e profesionais do sector.

2.1 ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA PROFESIÓN

2.1.1 VINCULACIÓN COA ASOCIACIÓN DE TRADUTORES GALEGOS (ATG)

Desde a súa creación, un dos principais obxectivos da AGPTI é sumar esforzos e compartir experiencias coa outra asociación de tradutoras/es que existe na comunidade galega: a ATG. Durante este pasado ano ambas as dúas asociacións reforzaron os seus contactos e colaboraron na organización de actividades comúns aos dous colectivos. A principal actividade froito desta colaboración foi a participación, a petición da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, na organización do Día Mundial da Tradución, celebrado o 30 de setembro de 2007 (ver apartado 2.1.4).

2.1.2 VINCULACIÓN COA SOCIEDADE GALEGA DE TERMINOLOXÍA (SGaT)

Desde a creación da devandita Sociedade, a mediados do ano 2005, a AGPTI vén mantendo contactos frecuentes coa súa xunta directiva co obxectivo de establecer lazos de actuación común e avanzar conxuntamente no desenvolvemento de ferramentas terminolóxicas de utilidade para as/os tradutoras/es e intérpretes que exercen a súa profesión no territorio galego. Tal e como avanzamos nas planificacións anuais de actividades para os anos 2005, 2006 e 2007, os principais obxectivos deste traballo conxunto entre ambas as dúas asociacións son os seguintes:

- a) Sumar esforzos nos campos de actuación coincidentes da SGaT e a Agpti.
- b) Compartir experiencias e recursos entre as dúas asociacións.

- a) Facilitar o acceso das/os tradutoras/es e intérpretes profesionais a recursos e información sobre terminoloxía en lingua galega.

Os resultados esperados son, por unha banda, conseguir unha maior presenza de ambos os dous colectivos na sociedade e cultura galegas e, por outra, desenvolver unha terminoloxía científica en lingua galega máis estable e realizada con criterios de máxima fiabilidade.

2.1.3 VINCULACIÓN CO CILSGA

Como froito da colaboración iniciada co Centro de Intérpretes de Lingua de Signos e Guías Intérpretes de Persoas Xordocegas de Galicia (CILSGA) a mediados do ano 2005, as conversas e intercambios de información entre o devandito centro e a Agpti continuaron a se fortalecer durante o ano 2007. Durante este ano, porén, non se organizaron actividades conxuntas concretas.

2.1.4 PARTICIPACIÓN NA ORGANIZACIÓN DO DÍA MUNDIAL DA TRADUCCIÓN

A principios do mes de xullo de 2007, a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da Xunta de Galicia convocou a AGPTI, xunto coa ATG, a unha reunión en Santiago de Compostela co fin de escoitar as propostas para a celebración do Día Internacional da Tradución. A esa reunión asistiron en representación da AGPTI Lara Santos e Patricia Buján e nela estiveron presentes o propio director xeral (Luís Bará), o secretario xeral, dous funcionarios da dirección xeral (Carlos Arias e Carmen Boado) e Xosé María Gómez Clemente en representación da ATG. A finais do mes, o día 30 de xullo, celebrouse unha segunda reunión a que asistiu Patricia Buján en representación da AGPTI e en que se concretaron as propostas. Para anunciar os diferentes actos, a Dirección Xeral elaborou un tríptico en que se incluíu un texto elaborado pola AGPTI (María Reimóndez) que explica como xurdiu a celebración do Día Internacional da Tradución e cal é o sentido do lema do 2007 Non mate a mensaxeira!. A raíz de todo isto, a AGPTI organizou os seguintes actos coa colaboración da ATG e da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural:

1. Mesa redonda sobre a interpretación "Non mate a mensaxeira!", co obxectivo de achegar á sociedade galega que

significa ser intérprete hoxe en día. O acto celebrouse ás 19.00 h o 27 de setembro na sala Mozart do Auditorio de Galicia, en Compostela. Moderou Patricia Buján e participaron as seguintes persoas:

- Lara Santos Suárez, Que é ser intérprete na sociedade actual
- Maribel del Pozo Triviño, A interpretación na mediación social
- Xoán Manuel Garrido Vilariño, Interpretación e barbarie

A pesar de que a asistencia foi escasa, as intervencións foron tremendamente ricas e variadas, polo que a rolda de intervencións excedeu con creces o tempo previsto para o acto.

2. Cuñas na Radio Galega: A tradución e as súas voces.

A proposta xurdiu de María Reimóndez, quen se encargou de facer e conseguir as gravacións das autoras e das tradutoras. As gravacións e os textos das locucións enviáronse a Carmen Boado (Dirección Xeral), que foi a encargada de xestionar a elaboración das cuñas definitivas. Elaboráronse dúas cuñas:

- Chus Pato (galego) en voz da súa tradutora ao inglés, Erin Moure: Inner Voice
- Salma Ambalavanan (tamil) en voz da súa tradutora ao galego, María Reimóndez: Conto da media noite

Como peche dos actos organizados arredor desta celebración, o mércores 3 de outubro ás 19.00 h., na Sala Mozart do Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela), organizouse tamén un acto de homenaxe ao tradutor Fernando Pérez-Barreiro Nolla. Ao acto asistiron en representación da AGPTI Saleta Fernández e Lara Santos.

2.1.5 ATENCIÓN DE CONSULTAS A TRAVÉS DO CORREO ELECTRÓNICO DA AGPTI

Ao longo do ano recibíronse innumerables correos electrónicos na conta da Asociación, nos que se solicitaba información sobre distintos aspectos relacionados coa profesión, trámites burocráticos e aspectos fiscais que afectan a vida laboral de tradutores/intérpretes, datos sobre as actividades e obxectivos da AGPTI, etc. Todas estas consultas foron atendidas pola presidenta da Asociación, a encargada de xestionar o correo electrónico da AGPTI.

2.2 ACTIVIDADES DE APOIO ÁS/AOS ASOCIADAS/OS

2.2.1 CURSO DE GALEGO PARA PREPARAR O EXAME DE TRADUCCIÓN/INTERPRETACIÓN XURADA

O curso estivo destinado a interesadas/os en se presentar ás probas de habilitación profesional para a tradución e a interpretación xurada do galego para outras linguas e viceversa, convocadas pola Xunta de Galicia.

Dirixiuse fundamentalmente a profesionais cun coñecemento elevado da lingua galega, que simplemente precisaban unha revisión específica dos puntos máis problemáticos e conflitivos que puidesen xurdir na proba de lingua galega incluída na devandita convocatoria, así como nas probas prácticas específicas de tradución e interpretación. Impartiuse na aula 16 da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela os venres 2, 9, 16, 23 e 30 de marzo, de 16 a 20 horas, e incluíu o seguinte temario:

1. Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego (2003)

- 1.1. Repaso dos cambios.
- 1.2. Coherencia no uso dos dobretes.

2. Ortografía

- 2.1. O vocalismo e o consonantismo. Representación dos fonemas galegos. Palabras de ortografía dubidosa.
- 2.2. A acentuación. Regras xerais e acentuación diacrítica.
- 2.3. Os signos de puntuación.
- 2.4. Outras cuestións ortográficas: a diérese, o trazo, o uso das maiúsculas e das abreviacións.

3. Morfosintaxe

- 3.1. O artigo. Paradigma e usos.
- 3.2. Os posesivos. Paradigma e usos.
- 3.3. Os demostrativos. Paradigma e usos.
- 3.4. Os indefinidos. Paradigma e usos.
- 3.5. Os nomes. Xénero e o número.
- 3.6. Os pronomes persoais. Paradigma e usos.

- 3.7. Os relativos e os interrogativos. Paradigma e usos
- 3.8. O verbo. Conxugacións, modelos, perífrases e construcións sintácticas.
- 3.9. Adverbios. Formas e usos.
- 3.10. Preposicións. Formas e usos.
- 3.11. Conxuncións. Formas e usos.

4. Léxico e fraseoloxía

5. Recomendacións bibliográficas e recursos na rede

Debido á amplitude do temario, repasaranse sucintamente os aspectos máis básicos da gramática para atender con máis profundidade os aspectos lingüísticos e estilísticos propios das linguaxes de especialidade que serán obxecto da proba práctica (linguaxes administrativa, xurídica e económica).

2.2.2 CURSO INTRODUCCIÓN PRÁCTICA A SDL TRADOS E SDLX

Entre as actividades de apoio ás asociadas e asociados, a AGPTI celebrou durante os días 15 de 16 de xuño de 2007 o curso "Introdución práctica a SDL Trados e SDLX" sobre o uso da ferramenta de tradución SDL Trados e SDLX. O curso foi impartido por Iago Marra Pérez, coordinador de recursos de tradución para a empresa de tradución Maruboshi Europe BV en Amsterdam, onde desempeña tarefas de selección, preparación e coordinación de recursos técnicos e humanos para a realización de proxectos de tradución e localización multilingüe. O curso tivo unha excelente acollida, e cubríronse todas as prazas dispoñibles. A continuación se recollen os contidos do curso:

Explicación teórica do funcionamento de CAT

CAT e o seu funcionamento.

Beneficios

Tempo, diñeiro e calidade. O triángulo do negocio.

SDL e outros.

SDL Trados Translator's Workbench

Abrir/pechar memorias de tradución

Procesamento: limpeza, análise, pretradución

Xestión de memorias. Formatos e interoperabilidade.

Axustes

Concordancia

SDL TagEditor
Para que serve?
Formatos

Realización dun proxecto de tradución con SDL TRADOS
Tradución de MS WORD/Excel.....exercicio.
Tradución de HTML/XML...exercicio.
Corrector ortográfico/ Validación

SDLX é outra ferramenta
SDLX Project Wizard
Para que serve?
Formatos
Exemplo de ANL para XML
Exercicio de preparación de arquivos.

SDLX EDIT
Que podemos ver e como?
Autopropagación
Automatización
Creación dunha memoria de tradución
Actualización dunha memoria de tradución
Ferramenta APLICAR
Bloqueo/desbloqueo
Formato

SDL MAINTAIN
Exportar e Importar
Duplicados
Arquivos .IAD
Arquivos .ITD
Arquivos .MTX
Conexión con Trados e outras ferramentas

Ferramentas
Análises
Bloqueo de segmentos
Cambio de idioma
Split/Gluing
SRX

Realización dun proxecto de tradución con SDLX

2.2.3 MANTEMENTO E ACTUALIZACIÓN DA PÁXINA WEB

Co obxectivo de presentar a asociación e servir de punto de encontro onde atopar e discutir información e novas actualizadas sobre a profesión, a páxina web da asociación segue en continua actualización. Cada ano inclúense as/os novas/os socias/os no directorio correspondente, de xeito que calquera usuaria/o poida contactar directamente con aquelas/es que teñan a combinación lingüística ou especialización desexada. Tamén se van incluíndo novas ligazóns a páxinas e recursos de interese para as/os profesionais do sector, novas de actualidade, a documentación da asociación máis relevante, etc.

No ano 2007 fíxose unha reforma máis a fondo do sitio web da AGPTI, que consistiu basicamente en convertelo nun sitio dinámico. Deste xeito, a través dun xestor de contidos protexido cun nome de usuario e un contrasinal, os responsables do sitio web poden modificar directamente calquera contido (engadir ou modificar datos de socios e socias, subir ligazóns ou novas, colgar documentos de interese na sección Arquivo...) sen necesidade de recorrer a ningún experto en informática ou en creación e deseño de sitios web.

2.2.4 DISTRIBUCIÓN DE INFORMACIÓN A SOCIOS E SOCIAS

Desde finais do ano 2003 a Asociación conta cunha lista de distribución de correo electrónico para as/os súas/seus socias/os, a través da cal se canalizan todas as noticias que chegan ao correo electrónico da Asociación sobre eventos, axudas, ofertas de traballo, etc. Segundo informaron varias/os das/os nosas/os socias/os, esta forma de distribución de información semella ser útil e proveitosa para a maioría delas/es.

2.2.5 PRÁCTICAS DO ALUMNADO DE TRADUCIÓN E INTERPRETACIÓN

A AGPTI organizou prácticas de varias xornadas completas de interpretación consecutiva coa combinación lingüística inglés-galego durante o seminario organizado pola Federación Veciñal Eduardo Chao de Vigo no marco do proxecto europeo «My Voice» durante os días 25 e 28 de abril de 2007. «My Voice» é un proxecto de dous anos de duración financiado pola Unión Europea a través da liña de financiamento Grundtwig no que participan socios do Reino Unido, Turquía, Polonia, Alemaña e España. Nestas prácticas participaron seis alumnos e alumnas

do último curso da licenciatura de Tradución e Interpretación da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo.

3 INFORME DE ALTAS E BAIXAS

Na táboa que se amosa a continuación, detállanse as altas e baixas producidas no ano 2007:

ALTAS	BAIXAS
Ferreiro Vázquez, Óscar	
Ribadulla Abuín, Juan	
Cebro Barreiro, Sabela	
Aymerich Correa, Tamara	
Penabad Otero, Lucía	
Layús Quiroga, Ruth	
Carballal Haire, Emma	
Sáez Fernández, Laura	
Conde González, Ana Vanessa	
Álvarez Vidal, Rosario del Carmen	
Yáñez Aballe, Noa	
Iglesias Padrón, Laura	
Romero Iturralde, Irene	
Mirás Moure, Ana	
Betra Traducciones S.L.	
Martínez Beiras, Andrea	

Nº de socias/os ao final de 2007: 67

4 CONCLUSIÓN

Sen dúbida este ano supón unha consolidación maior para a AGPTI, se ben son moitos os desafíos que aínda quedan pendentes. A maior implicación das/os socias/os é un paso crucial para, no novo ano, poder facer máis útiles as nosas intervencións. Sexa como for, o esforzo levado adiante segue poñendo chanzos no avance cara á consecución dos nosos obxectivos estatutarios.

5 BALANCE ECONÓMICO

BALANCE ECONÓMICO 2007		
CONTRIBUCIÓN INICIAL		1649,99
INGRESOS ANO 2007		
	ABOAMENTO RECIBOS SOCIOS/AS	2484
	ABOAMENTO CURSO DE GALEGO	1250
	ABOAMENTO CURSO DE TRADOS	750
	ABOAMENTO CURSO DE DEREITO	400
	TOTAL INGRESOS	4884
GASTOS ANO 2007		
	COMISIONS MANTEMENTO CONTA	13,5
	COMISIONS POR EMISIONS/DEVOLUCIONS RECIBOS	34,62
	CARGO ORDE PER. TRASPASO AEAT AUTOLIQUIDACIONES	213,18
	DEVOLUCIONS RECIBOS	204
	CARGO POR XESTORÍA (12 meses)	430,36
	GASTOS PAPELARÍA E CORREO POSTAL	102,65
	GASTOS RENOVACIÓN WEB AGPTI	484,8
	CARGO VELOXIA NETWORK S.L.	42,92
	GASTOS CURSO GALEGO	800
	GASTOS CURSO TRADOS (ALUGUER AULA: 234,00€; PROFESOR E MATERIAL: 480,0€)	714
	COMISIONS POR TRANSFERENCIAS	9

TOTAL GASTOS	3049,03
TOTAL BALANCE ECONÓMICO 2007	3484,96